

CONCURSO “BIOPOSTAL NADAL BIOLOXÍA 2025”

A Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela convoca o concurso “BIOpostal NADAL 2025”, no que se elixirá a postal que se empregará para felicitar o Nadal a os/as alumnos/as, PDI e PAS da Facultade.

BASES DO CONCURSO

1.- PARTICIPACIÓN

- Poderán participar todos aqueles alumnos/as que cursen algunha das titulacións de Grao ou Postgrao impartidas na Facultade de Bioloxía no curso 2025/2026.

2.- TEMÁTICA

- A BIOpostal deberá conter: a) o texto “*A Facultade de Bioloxía deséxavos Bo Nadal e Feliz Aninovo 2026*”; b) o logo da Universidade de Santiago; c) **unha foto ou un debuxo cunha temática relacionada cos ámbitos da Bioloxía ou da Biotecnoloxía**; d) o nome do/a autor/a, o título da obra, e un breve texto explicativo dela.

3.- OBRAS

- Soamente se permitirá a presentación dunha obra por participante, que deberán ser orixinais e inéditas; é dicir, non se puideron presentar con anterioridade noutros concursos, webs o calquera outro medio dixital ou impreso.
- Os participantes responsabilizaranse totalmente de ser os únicos autores, de que non existan dereitos a terceiros, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe sobre as obras presentadas ao concurso.
- Serán causa de exclusión aquelas fotografías que teñan connotacións sexistas, xenófobas ou ofensivas contra persoas ou institucións.
- As fotografías e debuxos incluías nas postais poderán ser en branco e negro ou en cor. Non se aceptarán fotomontaxes, e en caso de dúbidas o xurado podería solicitar ao autor o arquivo orixinal Raw da fotografía e ou o debuxo orixinal.
- Valorase a orixinalidade e a creatividade a hora de realizar a fotografía e compoñer a BIOpostal.

4.- PRESENTACIÓN

- As BIOpostais entregaranse como un ficheiro anexo a través do correo electrónico do decanato (facultade.bioloxia.decanato@usc.es), indicando no asunto “BIOPOSTAL NADAL BIOLOXÍA 2025”. No texto principal do correo electrónico figurará o título da obra, o nome e apelidos do autor, o título no que está matriculado/a na Facultade de Bioloxía no curso 2025-26, a dirección

completa de contacto, o número de teléfono, e a dirección de correo electrónico (@usc.raí.es).

- O ficheiro anexo terá formato JPEG o TIFF, unha resolución de 300ppp e será en RGB. O nome do arquivo anexo deberá coincidir co título da obra.

5.- PRAZO DE RECEPCIÓN

- O prazo de recepción dos traballos estará aberto dende o día seguinte da publicación destas bases, e finalizará o **14 de decembro de 2025**, non sendo admitidos aqueles que se envíen fora deste prazo.

6.- PREMIO

- Haberá un único premio de 200€ para o gañador.

7.- XURADO

- Para a concesión do premios constituirase un Xurado presidido polo Decano da Facultade de Bioloxía (ou persoa en que delegue) e tres membros designados polo equipo decanal. O xurado así formado seleccionará, de entre as obras presentadas en prazo e forma, aquela que considere merecedora do premio. Dita decisión será INAPELABLE, podendo quedar deserto o concurso

8.- FALLO

- O Fallo do Xurado darase a coñecer durante o **Acto de Nadal de 2025**, publicándose na páxina web da Facultade.
- A entrega do premio realizarase posteriormente ao fallo do xurado e comunicáraselle oportunamente ao galardoado/a.

9- PROPIEDAD DO TRABALLO

- O concursante PREMIADO cederá os dereitos da obra galardoada á Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago.

10.- BASE FINAL

- A entidade organizadora resérvase o dereito a modificar as bases e tomar decisións, se fora necesario, que non se reflectan nas mesmas.
- A participación neste Concurso supón a aceptación total destas bases, así como a decisión do Xurado e a renuncia a calquera reclamación legal.